

RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE FEBREIRO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISORIA E A CONCESIÓN PROVISIONAL DA CUARTA EDICIÓN DO DISTINTIVO DE IGUALDADE DESTINADO ÁS ESCOLAS, FACULTADES E CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Publicada a resolución reitoral de 20 de setembro de 2023 pola que se convoca a cuarta edición do Distintivo de Igualdade destinado ás escolas, facultades e centros da Universidade de Vigo esta Reitoría:

RESOLVE

Publicar a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas facultades, escolas e centros propios da Universidade de Vigo que optaron a consecución do Distintivo de Igualdade, segundo o resultado da reunión mantida o 26 de febreiro de 2024, pola comisión avaliadora, e conceder provisionalmente o Distintivo de Igualdade 2024, seguindo os criterios do punto 6 das bases que regulan a convocatoria da concesión anual dun distintivo de igualdade para facultades, escolas e centros propios que pertencen á Universidade de Vigo, ao Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx), á Facultade de Comunicación e á Facultade de Comercio.

CENTRO	TOTAL
CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOGÍAS, ENERGÍA Y PROCESOS INDUSTRIALES (CINTECX)	85
FACULTADE DE COMUNICACIÓN	81
FACULTADE DE COMERCIO	80
FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO	64

INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN	60
FACULTADE DE CIENCIAS	50
FACULTADE DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	47

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación presentando o formulario de alegacións na secretaría virtual dirixido á Unidade de Igualdade.

Vigo, a data da sinatura electrónica.